



Resolución da Axencia Galega de Infraestructuras pola que se aproba o expediente de información pública e o proxecto de construción: "Adaptación ao Plan de Baixa IMD mellorada da PO-234, P.Q. 0+420 (Pontecaldelas) - 2+580 (Laxoso)", de clave: PO/16/139.10.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Con data do 17 de xullo de 2017 publicouse no Diario Oficial de Galicia (num.135) o Anuncio de 22 de xuño de 2017 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción: "Adaptación ao Plan de Baixa IMD mellorada da PO-234, P.Q. 0+420 (Pontecaldelas) - 2+580 (Laxoso)", de clave: PO/16/139.10, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. Durante todo o trámite de información pública presentáronse alegacións e certificados, procedéndose á súa valoración.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e aos efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de Expropiación Forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tralas alegacións e certificados presentados polos organismos oficiais competentes

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción: "Adaptación ao Plan de Baixa IMD mellorada da PO-234, P.Q. 0+420 (Pontecaldelas) - 2+580 (Laxoso)", de clave: PO/16/139.10, mantendo o trazado proposto como definitivo.



Segundo. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Ponte Caldelas deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no que se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben recurso potestativo de reposición ante a Conselleira de Infraestructuras e Vivenda no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

O director da Axencia Galega de Infraestructuras



Francisco Menéndez Iglesias